



XUNTA DE GALICIA



**PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA E A  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA  
A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2013

**REÚNENSE:**

**Dona Pilar Rojo Noguera**, presidenta do Parlamento de Galicia que actúa no seu nome e representación ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, con sede na rúa do Hórreo, número 63 de Santiago de Compostela.

**Don Jesús Vázquez Abad**, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actúa en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, na súa redacción dada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e de acordo co seu nomeamento no Decreto 229/2012, do 2 de decembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, publicado no DOG número 13, do 18 de xaneiro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Ambos os comparecentes se recoñecen mutuamente plena capacidade para formalizar o presente protocolo de colaboración e, en consecuencia,

**EXPOÑEN:**

**Primeiro.** Que o Parlamento de Galicia é un poder estatutario que ten como función representar o pobo de Galicia e é a primeira das institucións da Comunidade Autónoma galega da que derivan todas as outras. Está facultado para exercer os poderes públicos de Galicia, xunto coa Xunta de Galicia e o seu presidente, segundo dispoñen os artigos 9 e 10 do Estatuto de autonomía de Galicia e de conformidade coa Constitución española.



XUNTA DE GALICIA



**Segundo.** Que, no ámbito da Administración autonómica galega, lle corresponden á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, as competencias en materia de promoción e ensino da lingua galega e da dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, e ten como obxectivos impulsar o desenvolvemento e a aplicación da lexislación derivada do artigo 5 do Estatuto de autonomía para Galicia.

**Terceiro.** Que á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Educativa, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, tamén lle corresponden as competencias para coordinar e desenvolver a política de investigación que favoreza a normalización lingüística nas súas diferentes manifestacións, así como para desenvolver medidas para o fomento do uso do idioma nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, co fin de incrementar a dispoñibilidade de produtos e servizos en galego.

Que dentro do organigrama da Secretaría Xeral de Política Lingüística está o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, ao que lle corresponden, entre outras funcións, xestionar o desenvolvemento de proxectos e programas lingüísticos para a normalización da lingua galega.

**Cuarto.** Que ambas as dúas institucións consideran como referente normativo básico da súa actuación a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, onde se recoñece que o galego é a lingua propia de Galicia e que os poderes públicos garantirán o seu uso normal como lingua oficial da Comunidade Autónoma galega. Tamén se ten en consideración o Plan xeral de normalización da lingua galega, que aprobou por unanimidade o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004 e que recolle unha serie de medidas encamiñadas a conseguir a normalización do galego..

**Quinto.** Que é vontade das entidades ás que respectivamente representan colaborar no desenvolvemento de iniciativas conxuntas de dinamización da lingua galega, dirixidas a toda a sociedade galega en xeral, co fin de lograr unha oferta ampla e competitiva de produtos e recursos lingüísticos en galego no mercado da información e da comunicación e que permitan a libre circulación do galego nos sistemas avanzados da vida moderna.





XUNTA DE GALICIA



Para este fin, ambas as dúas institucións acordan asinar no ano 2013 un protocolo de colaboración que se rexerá polas seguintes

## **ESTIPULACIÓNS:**

### **Primeira. *Obxecto***

A través do presente protocolo establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Parlamento de Galicia (en diante o Parlamento) e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en diante a Consellería) para posibilitar o acceso da sociedade galega en xeral a un novo recurso normativo e lingüístico denominado Código de Dereito Galego en liña.

Ambas as partes se facilitarán e intercambiarán mutuamente tanta información se considere útil para este proxecto e promoverán a instalación, coñecemento e uso do citado código e facilitarán o seu acceso gratuíto, a través da internet.

### **Segunda. *Compromisos do Parlamento***

O Parlamento de Galicia, en coherencia coas súas funcións e no marco das actuacións de normalización lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, comprométese a colaborar no desenvolvemento deste proxecto, a través das accións que se plasmarán nos correspondentes convenios de colaboración, sen prexuízo de que, con carácter inmediato á formalización deste protocolo, se lle posibilite a formación práctica neste proxecto que se está a desenvolver ao bolseiro beneficiario da bolsa de formación en publicacións do Parlamento de Galicia.

### **Terceira. *Compromisos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria***

Mediante a sinatura deste protocolo a Consellería adquire o compromiso de colaborar na posta en marcha deste proxecto, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística (en diante SXPL) coas seguintes accións:



XUNTA DE GALICIA



- O Centro Ramón Piñeiro, adscrito á SXPL, facilitará o apoio e o asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos, léxicos e terminolóxicos, en especial do director e o persoal adscrito ao proxecto Termigal.
- Toda a infraestrutura e recursos que poidan ser precisos.

#### ***Cuarta. Utilización da lingua galega***

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste protocolo deberán levarse a cabo de acordo co indicado nas vixentes *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación será considerada causa específica de resolución deste protocolo.

#### ***Quinta. Rexistro de convenios***

A sinatura deste protocolo suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao protocolo de conformidade co artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

#### ***Sexta. Difusión da colaboración das partes***

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste protocolo farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e deste protocolo.





XUNTA DE GALICIA



**Sétima. Vixencia**

Este protocolo estará vixente desde a data do seu asinamento e ata o 30 de decembro de 2013, agás que sexa denunciado por escrito por algunha das partes por incumprimento dos compromisos que nel se recollen, cun mes de antelación polo menos.

**Oitava. Comisión de Seguimento**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste protocolo, crearase unha comisión de seguimento composta por dous representantes do Parlamento e dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, que coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución, e poderá estar asistida polos técnicos necesarios. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.


**Novena. Normativa aplicable**

Este protocolo ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

A posible discrepancia na aplicación e/ou interpretación deste protocolo resolverase por diálogo directo entre as partes ou pola comisión de seguimento prevista na estipulación oitava.

Ao estaren as dúas partes conformes co estipulado, asínanse catro copias do protocolo.

A presidenta do  
Parlamento de Galicia

  
Pilar Rojo Nogueira



O conselleiro de Cultura, Educación e  
Ordenación Universitaria

  
Jesús Vázquez Abad

